

1 Líder



9 1



DEBUT SOÑADO

A Liga Galega Promesas alevín feminina arrincou esta fin de semana con vitoria do único representante lucense na categoría, a Milagrosa, que venceu ao Arzúa no Luis López Gorgoso. Na Liga infantil, o conxunto albivermello caeu ante o Orzán na segunda xornada



1 1



LIGA GALEGA CADETE

Reparto de puntos no derbi capitalino da xornada en Friga

A Milagrosa foi mellor e adiantouse no marcador ao transformar Rafa un penalti na segunda metade, pero o Lugo B chegou con vida ao desenlace final e o gol de Antón nos últimos instantes propiciou o definitivo empate a un no Luis López Gorgoso

LIGA GALEGA XUVENIL

4 0



PÓKER GAÑADOR DA RESIDENCIA Os de Adrián Vázquez sairon do último posto da clasificación cun contundente triunfo ante o Victoria B na Cheda, co debutante Cancio como protagonista do resultado final

LIGA NACIONAL XUVENIL

1 1



O RÁPCING VILLALBÉS MEDRA NO ROCA Os de Cholas empataron tras adiantarse no marcador cun gol de Speedy ante o Rápido de Bouzas, o mellor equipo que pasou por Vilalba esta tempada

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS

R. Santander – Marina Sp.	3-1
Val Miñor – R. Avilés	1-1
R. Ferrol – Calasanz	2-1
Bansander – TSK Rocces	3-0
Sp. Gijón – CD Lugo	2-1
Ural CF – Deportivo	3-0
Conxo – At. Perinés	1-0
R. Oviedo – RC Celta	0-5

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS

RC Villalbés – R. Bouzas	1-1
Porriño – EF Lalín	1-1
CD Aroesa – Choco	2-1
Aiondras – O Val	2-1
RC Celta B – UD Ourense	6-0
Ourense CF – Victoria CF	2-3
Val Miñor B – Pabellón	2-4
Deportivo B – Pontevedra	3-0
CD Lugo B – Valladares	0-1

XUVENIL L. GALEGA NORTE

RESULTADOS

Montañeros – CD Boiro	0-1
Dumbria – Conxo B	1-1
Ural B – Orillamar	0-2
As Pontes – Estrada	1-1
Residencia – Victoria B	4-0
R. Ferrol B – Calasanz B	2-0
Compostela – Viveiro CF	4-1
G. Caranza – Bergantiños	0-0
San Tirso – RC Villalbés B	5-0

CADETE DIVISION HONRA

RESULTADOS

San Tirso – Coruxo	3-1
Pontevedra – Arosa SC	1-1
Ural CF – Conxo	2-0
Bertamirans – Val Miñor	0-1
Calasanz – Victoria	5-0
R. Ferrol – Bergantiños	1-1
X. Oroso – Pabellón	2-1
Deportivo – AJ Lárez	5-1
CD Lugo – RC Celta	0-6

CADETE L. GALEGA NORTE

RESULTADOS

Montañeros – Boiro	1-1
R. Ferrol B – Conxo B	1-2
Ural B – Deportivo B	2-3
Bergantiños B – Estrada	3-0
Milagrosa – CD Lugo B	1-1
Imperator – Calasanz B	0-2
Compostela – Viveiro CF	2-0
G. Caranza – Dumbria	7-1
San Tirso B – RC Villalbés	4-0

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS

San Tirso – EF Lalín	3-1
R. Ferrol – G. Caranza	3-1
Ural CF – Deportivo	0-5
Bertamirans – Victoria	4-0
Salvora – CD Lugo	0-4
X. Oroso – Bergantiños	6-0
Montañeros – SD Viveiro	2-0
Conxo – Victoria FC	0-0
Calasanz – Narón	2-3

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	22	8	7	1	0	20	6
SPORTING GIJÓN	18	8	5	3	0	25	6
REAL OVIEDO	18	8	6	0	2	19	9
R.SANTANDER	16	8	5	1	2	14	9
RC DEPORTIVO	14	8	4	2	2	14	8
BANSANDER	14	8	4	2	2	11	6
RACING FERROL	11	8	3	2	3	10	12
ATL PERINES	10	8	3	1	4	6	15
CONXO SANTIAGO	9	8	2	3	3	8	13
ED VAL MINOR	8	8	2	4	10	12	3
URAL CF	8	8	2	2	4	9	13
CD LUGO	8	8	2	2	4	9	14
TSK ROCES	7	8	2	1	5	11	19
REAL AVILES CF	6	8	1	3	4	7	16
MARINA SPORT	5	8	1	2	5	8	16
CD CALASANZ	4	8	1	1	6	7	14

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	24	8	8	0	0	31	4
C.D. CHOCO	19	8	6	1	1	15	3
PABELLON C.F.	17	8	5	2	1	19	14
ALONDRAS C.F.	16	8	5	1	2	14	12
RAPIDO BOUZAS	14	8	3	5	0	14	9
DEPORTIVO "B"	13	8	4	1	3	24	14
C.D. AROESA	13	8	3	4	1	14	11
PONTEVEDRA C.F.	11	8	3	2	3	11	13
VALLADARES	11	8	3	2	3	11	14
OURENSE C.F.	10	8	2	4	2	14	14
C.D. LUGO "B"	10	8	3	1	4	12	16
S.D. OURENSE	8	8	2	2	4	13	17
S.D. O VAL	8	8	2	2	4	10	19
VICTORIA C.F.	7	8	2	1	5	9	13
E.F. LALIN	7	8	2	1	5	7	16
RC VILLALBES	5	8	1	2	5	13	18
VAL MINOR "B"	3	8	0	3	5	4	17
PORRIÑO C.F.	2	8	0	2	6	6	17

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
S.D. COMPOSTELA	19	8	6	1	1	19	8
MONTAÑEROS C.F.	17	8	5	2	1	13	6
C.D. CONXO "B"	15	8	4	3	1	21	10
CALASANZ "B"	15	8	5	0	3	18	14
C.D. BOIRO	14	8	4	2	2	11	8
G. CARANZA	14	8	4	2	2	13	11
C.D. AS PONTES	14	8	4	2	2	15	14
URAL CF "B"	13	8	4	1	3	17	11
C.F. DUMBRIA	13	8	4	1	3	16	13
R. FERROL "B"	13	8	4	1	3	11	11
SAN TIRSO S.D.	12	8	4	0	4	18	9
BERTAMIRANS	8	8	2	2	4	12	10
ESTRADA FB	7	8	1	2	5	9	13
RESIDENCIA "A"	7	8	1	1	5	10	16
ORILLAMAR S.D.	7	8	2	1	5	8	14
VILLALBES "B"	6	8	2	0	6	8	18
VIVEIRO C.F.	5	8	1	2	5	10	30
VICTORIA "B"	4	8	1	1	6	8	21

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	24	8	8	0	0	30	1
R.C. CELTA S.A.D.	21	8	7	0	1	38	4
URAL CF	17	8	5	2	1	14	11
SAN TIRSO S.D.	14	8	4	2	2	15	8
C.D. CALASANZ	13	8	4	1	3	16	11
C.D. CONXO	12	8	3	3	2	8	9
E.D. VAL MINOR	12	8	4	0	4	12	14
C.D. LUGO	12	8	4	0	4	9	14
PONTEVEDRA C.F.	11	8	3	2	3	15	12
PABELLON C.F.	10	8	3	1	4	11	11
VICTORIA C.F.	10	8	3	1	4	15	21
RACING FERROL	9	8	2	3	3	8	17
X. OROSO	8	8	2	2	4	13	13
CORUXO FC	8	8	2	2	4	11	15
AROSA SC	8	8	2	2	4	9	14
BERGANTIÑOS C.F.	7	8	1	4	3	10	15
BERTAMIRANS C.F.	6	8	2	0	6	6	27
A.J. LAREZ	1	8	0	1	7	4	27

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
DEPORTIVO "B"	22	8	7	1	0	26	5
S.D. COMPOSTELA	19	8	6	1	1	16	5
MONTAÑEROS C.F.	17	8	5	2	1	20	5
URAL CF "B"	14	8	4	2	2	21	11
BOIRO	14	8	4	2	2	18	11
C.D. LUGO "B"	14	8	4	2	2	14	10
C.D. CONXO "B"	14	8	4	2	2	14	11
IMPERATOR O.A.R.	13	8	4	1	3	10	11
GALICIA CARANZA	12	8	4	2	2	10	14
MILAGROSA	11	8	3	2	3	20	11
SAN TIRSO S.D."B"	11	8	3	2	3	11	13
R. FERROL "B"	11	8	3	2	3	11	17
CALASANZ "B"	10	8	3	2	4	11	12
BERTAMIRANS "B"	10	8	3	1	4	13	16
VIVEIRO C.F.	4	8	1	1	6	7	25
C.F. DUMBRIA	3	8	1	0	7	8	20
RC VILLALBES	2	8	0	2	6	8	22
ESTRADA FB	1	8	0	1	7	8	27

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	24	8	8	0	0	57	3
BERTAMIRANS F.C.	24	8	8	0	0	29	3
X. OROSO	17	8	5	2	1	21	8
C.D. CONXO	16	8	5	1	2	19	7
URAL CF	15	8	5	0	3	25	19
C.D. LUGO	15	8	5	0	3	18	13
VICTORIA F.C.	14	8	4	2	2	17	7
NARÓN	12	8	4	0	4	14	17
SAN TIRSO S.D.	12	8	4	0	4	18	23
C.D. CALASANZ	10	8	3	1	4	18	14
MONTAÑEROS C.F.	10	8	3	1	4	14	15
GALICIA CARANZA	9	8	3	0	5	10	25
E.F. LALIN	9	8	3	0	5	12	31
RACING FERROL	8	8	2	2	4	16	19
S.D. VIVEIRO "A"	8	8	2	2	4	15	23
BERTAMIRANS C.F.	6	8	2	0	6	10	39
VICTORIA C.F.	1	8	0	1	7	9	24
SALVORA, C.F.	0	8	0	0	8	4	36

PRÓXIMA XORNADA

R. Avilés – R. Ferrol	TSK Rocces – R. Oviedo
Marina Sp. – At. Perinés	Deportivo – Bansander
Calasanz – Conxo	CD Lugo – Ural
RC Celta – Val Miñor	R. Santander – Sp. Gijón

PRÓXIMA XORNADA

Villalbés – Porriño	Victoria – Val Miñor B
EF Lalín – CD Aroesa	Pabellón – Deportivo B
Choco – Alondras	Pontevedra – CD Lugo B
O Val – RC Celta B	R. Bouzas – Valladares
UD Ourense – Ourense CF	

PRÓXIMA XORNADA

G. Caranza – Dumbria	Calasanz B – Compostela
Conxo B – Ural B	Viveiro CF – G. Caranza
Orillamar – As Pontes	Bergantiños – San Tirso
Estrada – Residencia	Boiro – RC Villalbés B
Victoria B – R. Ferrol B	

PRÓXIMA XORNADA

San Tirso – Pontevedra	Bergantiños – X. Oroso
Arosa SC – Ural CF	Pabellón – Deportivo
Conxo – Bertamirans	AJ Lárez – CD Lugo
Val Miñor – Calasanz	Coruxo – RC Celta
Victoria – R. Ferrol	

PRÓXIMA XORNADA

Montañeros – R. Ferrol B	Calasanz B – Compostela
Conxo B – Ural B	Viveiro CF – G. Caranza
Deportivo – Bertamirans	Dumbria – San Tirso B
Estrada – Milagrosa	Boiro – RC Villalbés
CD Lugo B – Imperator	

PRÓXIMA XORNADA

San Tirso – R. Ferrol	Bergantiños – Montañeros
G. Caranza – Ural	SD Viveiro – Conxo
Deportivo – Bertamirans	Victoria – Calasanz
Victoria – Salvora	EF Lalín – Narón
CD Lugo B – X. Oroso	

REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL
Comité Técnico de Árbitros Lugo

NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Accreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva

CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO LUGO

Avenida de Breogán, 37 - Entreplanta CP 27004
 981 900 600 689097243
 lugo.arbitros@futgal.es

Sede Central
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
15707 Santiago de Compostela
comite.arbitros@futgal.es

A Coruña
Juan de Ciarraga 3 - Baixo
CP 15008
coruna.arbitros@futgal.es

Santiago de Compostela
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
CP 15707
santiago.arbitros@futgal.es

Ourense
Pura e Dora Vázquez, 6-8 semisoto
ourense.arbitros@futgal.es

Pontevedra
Praza de Pasarón, 1 - Baixo
CP 36005
pontevedra.arbitros@futgal.es

Ferrol
Avenida de Esteiro, 62-64
CP 15403
ferrol.arbitros@futgal.es

Vigo
Manuel de Castro, 40 – Entreplanta
CP 36210
vigo.arbitros@futgal.es

Boiro
Pavillón Social de Boiro
Rúa Principal, s/n. CP 15930
boiro.arbitros@futgal.es

A Costa da Morte
Centro Sociocultural de Baio
Rúa do Pavillón, s/n. CP 15150 Baio (Zas)
costadamorte.arbitros@futgal.es

A Mariña
Rúa do Río, 10 - Entreplanta
27880 Burela
amarina.arbitros@futgal.es

Lalín - Santiago
Complejo Deportivo Lalín Arena
Avenida Xosé Cuiña, 40. CP 36500
lalín.arbitros@futgal.es

Monforte - Lugo
Pavillón Polideportivo A Pinguela
Rúa Sober, s/n. CP 27400
monforte.arbitros@futgal.es

www.futga

INFANTIL 1º Aut. NORTE

RESULTADOS

Burela – Rio Ouro	7-2
CD Foz – Villalbés B	3-0
EF Viveiro – SD Viveiro B	2-3
Castro – Ribadeo	0-3
Pontenova – Guitiriz	3-2

CLASIFICACIONES

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
BURELA S.D.	21	7	7	0	0	38	10
SD RIBADEO	16	7	5	1	1	46	9
S.D. VIVEIRO "B"	16	7	5	1	1	27	11
C.D. FOZ	12	7	3	3	1	16	13
C.D. CASTRO	10	7	3	1	3	24	13
SP. PONTENOVA	9	7	3	0	4	22	32
GUITIRIZ S.D.	8	7	2	2	3	14	25
E.F. VIVEIRO	7	7	2	1	4	15	20
R. VILLALBES "B"	1	7	0	1	6	8	45
A.D. RIO OURO	0	7	0	0			

Mareo resistiu o asedio final

O CD LUGO, QUE FOI DE MENOS A MÁIS, rematou pechando na súa área ao Spórting de Gijón, que se quedou con sufrimento cos tres puntos nun final de encontro non exento de polémica

SP GIJÓN	2 1	CD LUGO
Goles: Álvaro e Diego.		Got: Óscar.

Árbitro: Enrique Gao. Terekengne Asnake e Marius Albu. Campo: Campo 1 de Mareo.

O CD Lugo quedouse ás portas dos puntos en Mareo ante o Spórting de Gijón. Os de Subirán foron de menos a máis nun dos campos máis complicados da categoría e ante un rival chamado a loitar polo título, pero que terminou pedindo a hora ante o asedio sen derruba final dos lucenses.

A primeira parte foi de dominio local. Ao Lugo custoulle asentarse no campo e tomarlle o pulso ao partido, polo que o Spórting non tardou en inaugurar o marcador co un a cero aos sete minutos de xogo.

A partir de aí, o Spórting tivo o control do balón pero sen chegadas claras ata que chegou o dous a cero tras

un erro do Lugo na saída de balón. Acto seguido Losada evitou o tres a cero ao gañarlle a partida a un dianteiro asturiano no man a man, e mantivo con vida a un Lugo que se meteu de cheo na loita polos puntos no tramo final da primeira parte.

Cando peor pintaban as cousas en Mareo, os lucenses tiraron de orgullo. Unha acción de loita de Óscar propiciou o dous a un, pero aínda máis importante foi que o Lugo creuse que podía loitar polo partido antes do descanso.

Xa na segunda parte déronlle continuidade á dinámica ascendente, metendo ao Spórting primeiro no seu campo e co paso dos minutos obri-

"EL EQUIPO ESTUVO A UN BUEN NIVEL, SOBRE TODO EN LA SEGUNDA PARTE EN LA QUE PUDIMOS Y MERECEMOS EMPATAR EL ENCUENTRO ANTE EL SPÓRTING DE GIJÓN"

JUAN SUBIRÁN - CD Lugo

garon aos asturianos a defender na súa propia área.

O Lugo chegou moito pero sen mordente, moitos centros sen remate e aproximacións sen finalizar. A ocasión máis clara para empatar foi un remate de Gómez por encima do larguero antes de que o árbitro acaparase protagonismo ao asubiar o final do encontro cando o Lugo ía sacar un último córner e tiña ao Spórting totalmente acurrado.

Tralo asubio final David Guitián, que xa fóra substituído, e Ernesto foron expulsados polo que, como mínimo, perderanse o derbi ante o Ural da próxima xornada na Cheda. Os herculinos chegan ao encontro tamén con oito puntos, con dous sobre os postos de descenso pero coa moral moi alta tras impoñerse por 3-0 ao Deportivo nesta xornada.



O albivermello Martín pisando o coiro de costas a un rival nun encontro na Cheda

2

EXPULSIÓNS Como ante o Deportivo en Abegondo o Lugo perde a dous xogadores para a próxima xornada. David Guitián cando xa fora substituído e Ernesto ao remate do encontro, viron o cartón vermello.

4

XORNADAS SEN GAÑAR

Na División de Honra xuvenil. A última vitoria foi ante o Roces na Cheda. A partir de aí, empates co Deportivo e Marina Sport e derrotas co Racing de Santander e Spórting de Gijón.

1

DEBUT NO ONCE INICIAL de Óscar Vizcaino, que ademais foi o protagonista do gol co que os lucenses se meteron na pelexa polos puntos de cara á segunda parte do encontro en Mareo

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE



O Lugo B tivo a pólvora mollada nun partido moi completo

OS DE BRAIS PRADOS tiveron o control do xogo a partir da posesión e xeraron moitas ocasións claras durante o encontro

O Valladares levouse todo o botín en xogo da Cheda tras impoñerse por cero a un. Un gol que os visitantes subiron ao marcador practicamente na súa única ocasión ao longo do encontro, mentres que o Lugo B tivo un goteo constante de chegadas, pero sen a guinda do gol.

O encontro foi un monólogo lucense, sobre todo a partir do cero a un que chegou aos vinte de xogo tras un erro na saída de balón que aproveitou o Valladares para marcar nun man a man con Chanza.

A partir de aí os visitantes apenas volveron asomarse en ataque, pecháronse atrás e apostaron por manter a vantaxe cando restaba máis dunha



Árbitro: Jesús López, Alberto Blanco e Adrián Fernández. Campo: A Cheda

hora de xogo por diante.

O Lugo B armouse de paciencia, apoderouse do balón e intentou circular con velocidade para romper o entramado defensivo do Valladares.

O debutante Leandro

tivo as ocasións máis claras antes de chegar ao descanso, e tralo paso polos vestiarios o partido xogouse case por completo no campo do Valladares.

Manu foi o máis incisivo na busca do gol, con dúas

“FIXEMOS UN PARTIDO MOI BO EN PRACTICAMENTE TODOS OS ASPECTOS, PERO TEMOS QUE MELLORAR NO ÚLTIMO TERCIO DO CAMPO PARA REFLECTILO NO MARCADOR FINAL”

BRAIS PRADOS - CD LUGO B

ocasións moi claras que non tiveron recompensa. Ao final, o Lugo B quedouse en branco e sen marcar no que posiblemente foi o encontro no que máis ocasións xeraron esta tempada.

Próxima xornada

O Lugo visita ao Pontevedra, recentemente descendido de División de Honra e que vén de perder 3-0 en Abegondo.



Brian rematando na área ante o porteiro visitante



Herrero conducindo o balón ante Rosón en medio campo



O albivermello Leandro a piques de disparar a portaría

Punto de mérito made in Roca para o Rácing Villalbés

OS DE CHOLAS RECUPERARON AS SINAIS DE IDENTIDADE ante o mellor equipo ao que se mediron esta tempada. Speedy adiantou aos chairegos



Edgar, decisivo con boas intervencións no empate chairego



Árbitro: Javier Pérez Prado, Marco Antonio Fernández e Francisco Ibañez. Campo: Roca

Máis aló da importancia do punto conseguido, que a ten e moita a nivel clasificatorio, a lectura máis positiva do encontro que mediou ao Rácing Villalbés co potente Rápido de Bouzas foi que os de Cholas recuperaron

moitas sinais de identidade que tan bos resultados lle deu tradicionalmente aos chairegos.

A solvencia defensiva e o efecto Roca volveron ir da man ante o mellor equipo que pasou esta tempada por Villalba.

“BUEN PUNTO EL QUE SUMAMOS ANTE UN RIVAL QUE NOS EXIGIÓ MUCHO A NIVEL DEFENSIVO A LO LARGO DEL ENCUENTRO”

CHOLAS - Rácing Club Villalbés

Ningún dos dous equipos conseguiu ter o control de forma continuada nos primeiros corenta e cinco minutos, nos que a loita librouse lonxe das áreas, con moitas disputas nas que as segundas accións gañaban moito protagonismo. Nelas, o Villalbés estivo intenso e a penas concedeu ocasións de gol.

Edgar lucíuse na máis clara dos visitantes, mentres que David, cun

OS MELLORES VILLALBÉS

SPEEDY	2	2	2
GABRI	2	1	1
NICO	2		

1

DEBUT DE JAVI O medio-centro, que chegou ao Rácing esta tempada, ten pasado no Deportivo e no Ural e aproveitou a sanción de Anxo para debutar na Liga Nacional de titular formando parella con López

disparo desde fóra da área, tivo a mellor para un Villalbés que xerou perigo por banda por medio de Speedy, o máis incisivo en ataque.

Tralo descanso o encontro rompeuse un pouco máis e o Villalbés pegou primeiro. Fixoo tras unha falta que provocou Speedy que el mesmo transformou cun lanzamento pegado ao poste a falta de media hora para o final.

O Rácing pecou aí un pouco de conservador, xa que intentou defender a renda con moitísimo partido por diante e o Rápido de Bouzas tomou o mando e iniciou un asedio que terminou en derruba tras unha serie de rexeites dentro da área que a zaga local non conseguiu despxear.



Conde nun man a man co porteiro herculino



Cancio conducindo o balón entre dous rivais



Lis encarando a dous xogadores do Victoria B na Cheda

Cambio de rumbo na Cheda

A RESIDENCIA ESTREA A CONTA NA CASA AO GRANDE tras impoñerse ao Victoria B e fuxe do último posto. Cancio debutou esta tempada, e con Pablo de la Iglesia cambiaron o signo do encontro



Árbitro: Jorge Méndez, Ángel Rodríguez e Jorge Estraviz. Campo: A Cheda

Vitoria moi importante para a Residencia na Liga Galega xuvenil. Os de

Adrián Vázquez recibiron ao Victoria B co coitelo entre os dentes desde o

“NORBOA A TODOS POR ESTA MERECEIDA VITORIA. ESTE É O CAMIÑO A SEGUIR”
ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

último posto da clasificación e saíron airosos cun catro a cero co que levantaron o voo.

A dinámica era ascendente, pero había que confirmala con puntos e estes chegaron coa primeira vitoria do curso na Cheda.

Na primeira parte apenas houbo chegadas claras. O Victoria B vivía das perdas de balón da Residencia en zonas de crea-

ción, algo que os lucenses foron corrixindo co paso dos minutos.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, pero na segunda parte a Residencia tivo máis presenza en campo contrario e claridade de ideas con balón, sobre todo coa entrada ao terreo de xogo de Pablo de la Iglesia e Cancio. Este último disputando os seus primeiros minutos da tempada con moi boa nota.

Aos dez da segunda

parte chegou o un a cero tras unha falta cometida sobre Cancio que executou Diego Revuelta e rematou Dani ao fondo das mailas.

Co marcador a favor a Residencia foi mellor, pero faltoulle un pouco de pausa co balón para controlar mellor o encontro. Con todo, no último cuarto de hora sentenciaron o partido e encheron o depósito de confianza con tres goles.

O dous a cero asinouno Conde tras aproveitar o rexeite do porteiro tras

un disparo desde fóra da área, o tres a cero foi obra de Cancio ao bater ao porteiro herculino no man a man e o catro a cero final selouno Roi ao rematar un pase da morte de Cancio tras gañar a liña de fondo.

Próxima xornada

A Residencia mediráse a domicilio co Estrada coa intención de darlle continuidade ao bo xogo e sobre todo aos puntos, nun encontro no que Adrián Vázquez espera contar con Yago, que se perdeu este partido por unha contractura entre semana.

OS MELLORES	
RESIDENCIA	
DANI	👍👍👍
CANCIO	👍👍
LIS	👍

Avultada derrota para un Villalbés B moi mermado

OS CHAIREGOS foron mellores na primeira parte, pero na última media hora acusaron o esforzo realizado



Árbitro: Pedro Oreiro, Rafa Sánchez e Jose Ramudo

“PARA SAÍR DA SITUACIÓN NA QUE NOS ATOPAMOS, TEMOS QUE LEVANTARNOS XA E TRABALLAR MÁIS QUE NUNCA”
IVÁN LAMAS - Villalbés B

14
XOGADORES dispoñibles tivo Iván Lamas para este encontro ante o San Tirso, no que o porteiro Pedro tivo que disputar os últimos dez minutos coma xogador de campo

Dura derrota por cinco goles a cero a encaixada polo Rácing Villalbés B en San Tirso, nun encontro no que Iván Lamas tivo que lidiar coas ausencias pero no que o seu equipo, mentres tivo forzas, competiu moito mellor do que indica o marcador final.

Na primeira parte o Rácing tivo ocasións claras para adiantarse no marcador, con chegadas de Miguel e Buján por banda e sobre todo cun disparo de Denis desde fóra da

OS MELLORES	
VILLALBÉS B	
NOEL	👍👍👍
DENIS	👍👍
DANI	👍

área e un lanzamento de falta de Buján que tras estrelarse no larguero botou sobre a liña de gol.

Con todo a pegada correu a cargo dos locais, que tras un centro lateral e remate dentro da área fixeron o un a cero, marcador co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte o Villalbés B intentou xuntar máis as liñas para seguir saíndo con perigo á contra, pero ante a falta de xogadores de refresco e a acumulación de esforzo, chegaron á última media hora coa luz da reserva acendida.

O dous a cero foi unha lousa para un Villalbés B que terminou encaixando un avultado cinco a cero nun partido no que mentres tivo forzas, competiu de poder a poder ante un San Tirso máis efectivo.

A primeira hora de xogo do Viveiro é a referencia

0-0 NO MARCADOR ata que o Compostela, líder da competición, despegou nos últimos trinta minutos



Árbitro: René Fernández, Ana Álvarez e Paila González

“LOS PRIMEROS SESENTA MINUTOS DE ESTE ENCUENTRO TIENEN QUE SER EL PUNTO DE REFERENCIA Y EL CAMINO A SEGUIR”
ANTONIO SERRANO - Viveiro Club de Fútbol

10
GOL DE NOEL
O dianteiro mariño reencontrouse co gol e segue dando pasos para volver a ser un dos dianteiros máis determinantes do fútbol lucense

O Viveiro demostrou no campo do líder que a súa situación na clasificación non é acorde ao seu potencial. Antonio Serrano recuperou para este encontro a Jorge e Bruno e os celestes, lonxe de visitar ao Compostela con algún tipo de medo, disputaron unha

gran primeira parte. O Viveiro levou o peso do xogo nuns primeiros corenta e cinco minutos nos que o Compostela non se achegou en ningunha ocasión aos dominios de

OS MELLORES	
VIVEIRO CF	
TRASI	👍👍👍
NOEL	👍👍
IVÁN	👍

Pablo, mentres que en ataque Jorge, cun lanzamento de falta directa que se foi pegado ao poste, un centro chut de Diego e un man a man de Ángel tiveron as máis claras para un Viveiro que mereceu moito máis que o cero a cero que reflectía o marcador ao final da primeira parte.


Ao comezo da segunda Borja e Jorge volveron roldar o cero a un con ocasións claras, pero o Viveiro perdoou en exceso e iso no campo do líder de calquera competición págase caro.

Pasada a hora de xogo o Compostela fixo o un a cero no seu primeiro disparo a porta e na súa segunda ocasión o dous a cero pouco despois.

Xa coa moral tocada o marcador ampliou nun partido no que a mellor noticia na recta final foi o reencontro de Noel co gol.

Excesivo castigo final

O LUGO COMPETIU DE PODER A PODER ANTE O CELTA DE VIGO nunha igualada primeira parte, pero con catro goles celestes na última media hora



1
DEBUT
Alejandro, que procede do Viveiro, disputou os primeiros minutos da tempada tras superar unha lesión que o tivo afastado dos terreos de xogo



Pablo ante o lucense Azael que milita no Celta de Vigo



Hugo protexendo o esférico da presión dun xogador vigués

Árbitro: Álvaro Valín. Tania Fente e Susana Guerinonde. Campo: A Cheda

“EL RESULTADO FINAL NO REFLEJA EL COMPORTAMIENTO Y EL TRABAJO REALIZADO POR EL EQUIPO EN LOS PRIMEROS CINCUENTA MINUTOS DE JUEGO” DANI GALÁN - CD Lugo

Cruel desenlace final para o Lugo na Cheda ante o Celta de Vigo. O cero a seis co que terminou o encontro é un castigo excesivo tralo visto no terreo de xogo durante gran parte dos minutos.

Na primeira parte o Lugo borbou ante todo un Celta. Os de Dani Galán combinaron repliegue con saídas á contra e non deixaron que os celestes estivesen cómodos en ningún momento. O Celta tivo o balón, pero onde quixo que o tivese un Lugo que tan só concedeu algún disparo afastado. Pola súa banda, en ataque, Alesito e Hugo dispuxeron das ocasións máis claras para que chegase o un a cero antes de que na última xogada da primeira parte o Celta inaugurase o marcador co cero a

un que non permitiu ao Lugo nin sacar de centro tralo gol.

A posta en escena na segunda parte volveu ser moi boa, polo que parecía que o empate podería chegar en calquera momento, pero o que chegou foi un xerro de auga fría co cero a dous tras un saque de esquina directo.

A reacción tralo cero a dous xa foi máis complicada, e na última media hora o Celta xogou a pracer e ampliou a vantaxe ata o avultado cero a seis con catro goles practicamente en dez minutos de xogo.

Póxima xornada

O Lugo visita ao AJ Lérez, último clasificado cun punto dos 24 en xogo esta tempada.

O Villalbés B caeu vítima dos seus propios erros

EXCESIVO CASTIGO para os chairegos tralo visto ao longo dos oitenta minutos



Árbitro: Diego Seoane. Martín Mourzena e Carlos Rabu

“NOS CASTIGARON Y PENALIZARON CADA UNO DE LOS ERRORES QUE COMETIMOS A LO LARGO DEL ENCUENTRO”

JANDRO NOVOA - Rácing Villalbés

O catro a cero final que encaixou o Rácing Villalbés ante o San Tirso é un castigo excesivo para os de Jandro Novoa, que competiron mellor e tiveron moitas máis opcións do que indica o marcador final. Un catro a cero propiciado pola falta de efectividade nas numerosas e claras ocasións que xeraron os chairegos e polo acerto local á hora de aproveitar os erros cometidos polo Rácing.

OS MELLORES

VILLALBÉS	
MIGUEL	👍👍👍
LOSADA	👍👍
JAVI	👍

Desde os primeiros minutos as sensacións foron boas, en repliegue sen conceder ocasións e cun goteo constante de saídas á contra con perigo. Con todo, antes do cuarto de hora chegou o un a cero nun despiste defensivo e o Villalbés tivo que remar contracorrente desde moi pronto. Pese a iso, Martín tras un pase de Cristian, e Miguel cun lanzamento de falta e outro disparo que se foi fóra por pouco, monopolizaron o resto das ocasións ata chegar ao descanso.

Na segunda parte continuou o mesmo guiño, con máis dominio do Villalbés ata que un erro defensivo propiciou unha contra e con ela o dous a cero.

Miguel volveu ter as mellores ocasións, ata cun penalti para recortar distancias, pero o gol resistiuse e o San Tirso B levou o marcador ata o avultado catro a cero final.

A estratexia castigou ao Viveiro



Árbitro: Enrique Refojo. Álex García e Alberto Pombo

O bo partido que realizou o Viveiro, sobre todo na primeira parte, quedou empañado por dúas accións puntuais de falta de tensión nas que o Compostela levou o marcador ata o dous a cero tras senllos saques de

DOUS GOLES tras senllos erros de marca en saques de esquina



Adrián ante o porteiro rival baixo a mirada de Mendaña e Teshome

esquina nos que remataron sos os autores dos goles composteláns.

Todo iso ao comezo da segunda parte, en apenas tres minutos de diferenza entre o un a cero e o dous a cero. Ata entón, o Viveiro disputara posiblemente a mellor primeira parte da tempada. Sergio Iglesias

volveu introducir novidades no equipo, que pasou a un 4-2-3-1 con Adrián na media punta e Mendaña como nove.

A priori o partido era de clara cor local, ao medirse segundo contra un equipo en postos de descenso, pero esa distancia non se viu no

OS MELLORES

VIVEIRO CF	
SERGIO	👍👍👍
PABLO	👍👍
LUCAS	👍

“LOS DOS GOLES QUE ENCAJAMOS SON POR FALLOS EN LA MARCA Y CONDICIONARON EL BUEN PARTIDO QUE ESTÁBAMOS DISPUTANDO”

SERGIO IGLESIAS - Viveiro CF

terreo de xogo. O Viveiro competiu moi ben, foi solidario e seguro en defensa e nunca renunciou ao ataque nunha primeira parte que terminou co cero a cero inicial.

Xa na segunda, aos sete minutos chegou o un a cero tras un saque de esquina e sen tempo para asimilalo chegou o dous a cero do mesmo xeito, tan só tres minutos despois.

Nun visto e non visto o marcador era de dous goles a cero. A partir de aí, malia ter mínimas opcións, o Viveiro continuou a un bo nivel e dispuxo de ocasións por medio de Adrián e Pablo para poder recortar distancias e darlle emoción aos minutos finais.



Dani derrubando a Cabarcos na xogada do penalti



Marco golpeando o balón ante Manu, Buide e Hugo



O debutante Hugo conducindo o balón ante Juan

A Milagrosa foi mellor, pero o Lugo B rabuñou un punto

TERCEIRO DERBI CONSECUTIVO NA FRIGSA. Os de Madriles foron mellores, sobre todo na segunda parte, pero os de Antón Méndez leváronse parte do botín

3

PARTIDOS SEN PERDER para unha Milagrosa que tan só caeu nun dos últimos seis encontros disputados na Liga Galega

6º

O LUGO B súmase á media inglesa, empatando fóra por segunda xornada consecutiva e gañando na casa



Árbitro: Rubén Folgueira. Brenda Lence e Anal Exposito. Campo: Luis López Gorgoso, Frigsa

OS MELLORES	
MILAGROSA	CD LUGO B
JUAN	👍👍👍
MARCO	👍👍
LEO	👍

O Luís López Gorgoso de Frigsa albergou o terceiro derbi provincial consecutivo da Liga Galega cadete. Os últimos tres encontros disputados pola Milagrosa en Frigsa foron ante equipos lucenses con dúas vitorias e un empate.

Un gol de Antón, para o Lugo B, no último minuto, evitou o pleno de puntos nos derbis para unha Milagrosa que mereceu todo o botín e que inaugurou o marcador á hora de xogo ao transformar Rafa un penalti.

De inicio o encontro estaba marcado polas ausencias de Christian e Miguel na Milagrosa e polo debut de Hugo García no Lugo B. O centrocampista estreouse en partido oficial tras formalizarse esta semana a súa fichaxe procedente do Deportivo da Coruña, mentres que no capítulo de ausencias no

filial albivermello destacaba a baixa de Pablo Rosón en mediocampo.

Os dous equipos quixeron ser fieis ao seu estilo. O Lugo B quixo o balón e saír xogando ante unha Milagrosa que non escatimou esforzos ao longo dos oitenta minutos. Os de Madriles presionaron moi arriba e fixérono ben, por iso o Lugo B nunca se atopou cómodo no derbi.

Os de Antón Méndez intentaron saír con balón, pero Leo era sombra de Manu Ferreiro no centro do campo e a partir de aí o Lugo sufría para enlazar con Raül e Hugo. Tan só algunha chegada illada de Marcos ou Pérez por banda facían que os visitantes collesen un pouco de osixeno.

Antón Méndez intentou variar o rumbo do encontro no ecuador da primeira parte cun cambio de sistema. Raül meteuse con Manu no mediocampo para ter máis saídas de balón e sobre todo para facerse coas segundas xogadas tras disputas.

"HICIMOS UN BUEN PARTIDO PERO NO CERRAMOS CUANDO PUDIMOS Y AL FINAL SE NOS ESCAPARON DOS PUNTOS" MADRILES - Milagrosa

"EN ESTE ENCUENTRO NOS LLEVAMOS UN PREMIO EXCESIVO PARA LOS MÉRITOS QUE REALIZAMOS EN FRIGSA" ANTÓN MÉNDEZ - CD Lugo B

A Milagrosa continuou ao seu e xa na primeira parte tivo as ocasións máis claras por medio de Marco, cun remate ao largueiro e sendo un pesadelo para Amin e Buide en cada balón aéreo.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, pero as sensacións eran mellores para unha Milagrosa que ata lle imprimiu unha marcha máis ao xogo e á súa intensidade na segunda parte.

O Lugo encaixou o seu primeiro gol esta tempada na cidade á hora de xogo, tras un claro penalti no que Dani derrubou a Cabarcos cando encarába no man a man a Raül. Rafa asumiu a responsabilidade e cun disparo raso subiu o un a cero ao marcador.

A Milagrosa xa fixera o máis difícil, pero non se conformaron. O Lugo B estaba tocado e Antón

2

AUSENCIAS DESTACADAS

Os capitáns de ambos equipos perderon o derbi. Miguel non puido participar na Milagrosa e Pablo Rosón perdeuse por lesión o encontro no CD Lugo B



Madriles e Antón Méndez saudándose ao remate do derbi



Hugo golpeando o balón ante Raül e Juan en mediocampo



Antón celebrando o gol do empate a un no derbi



Rafa e Mario tralo un a cero dende o punto de penalti

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
DAVID	RC Villalbés	5	LÓPEZ	RC Villalbés	13	AYMAN	CD Lugo B	6	MIGUEL	Milagrosa	14	XOEL F.	Viveiro CF	6	XOEL FERRO	Viveiro CF	8
XOEL EIJO	Viveiro C.F	5	XOEL EIJO	Viveiro C.F	11	LOMBA	CD Lugo	3	ADRIÁN	Viveiro CF	9	JOSE	CD Lugo	4	MATEO	Viveiro CF	7
SCHUSTER	CD Lugo	4	SPEEDY	RC Villalbés	7	BORJA	CD Lugo B	3	LUCAS	Viveiro CF	9	DIEGO	CD Lugo	4	JAVI B.	Viveiro CF	5
MANU	CD Lugo B	3	DIEGO	Viveiro C.F	7	RAFA	Milagrosa	3	DAVID	Viveiro CF	8	ADRI	Viveiro CF	4	ÁLVARO	Viveiro CF	3
GABRI	RC Villalbés B	3	GÁBRI	RC Villalbés	6	MANU	CD Lugo B	2	ALBERTO	RC Villalbés	7	ANDRÉ	CD Lugo	3	DAVID A.	Viveiro CF	3
GABARRE	CD Lugo	2	GABRI	RC Villalbés B	6	MIGUEL	Milagrosa	2	JUAN	Milagrosa	6	DANI	CD Lugo	2	ADRI	Viveiro CF	2
ÓSCAR	CD Lugo	2	IAGO	RC Villalbés B	6	MARCO	Milagrosa	2	MARTÍN	RC Villalbés	6	XAVI I.	CD Lugo	1	RAFA	Viveiro CF	1
SAMU	CD Lugo B	2	GARCIA	Residencia	6	CARLOS	RC Villalbés	2	HUGO	Viveiro CF	6	RAÚL V.	CD Lugo	1	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1
BRIAN	CD Lugo B	2	DANI	Residencia	6	ADRIÁN	Viveiro CF	2	PABLO	Viveiro CF	6	BRUNO	CD Lugo	1	SAMUEL	Viveiro CF	1
GABRI	RC Villalbés	2	TRASI	Viveiro C.F	6	LUIS	CD Lugo	1	RAFA	Milagrosa	5	PEPE	CD Lugo	1	XOEL P.	Viveiro CF	1
SPEEDY	RC Villalbés	2	DAVID	RC Villalbés	5	MANEL	CD Lugo	1	DIEGO	RC Villalbés	5	SAMUEL	Viveiro CF	1	-	-	-
BUJÁN	RC Villalbés B	2	LÓPEZ	RC Villalbés B	5	FREIRE	CD Lugo	1	HUGO	RC Villalbés	5	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1	-	-	-
YAGO	Residencia	2	DANI	RC Villalbés B	5	HUGO	CD Lugo	1	DIEGO	Milagrosa	4	XOEL P.	Viveiro CF	1	-	-	-
CONSECA	Residencia	2	JAVI	RC Villalbés B	5	BUIDE	CD Lugo B	1	LEO	Milagrosa	4	RAFA	Viveiro CF	1	-	-	-
CONDE	Residencia	2	MIGUEL	RC Villalbés B	5	PÉREZ	CD Lugo B	1	JAVI	RC Villalbés	4	LUCAS	CD Lugo	1	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	ROI	Residencia	5	DIEGO	Milagrosa	1	BUIDE	CD Lugo B	3	-	-	-	-	-	-
GÓMEZ	CD Lugo	1	YAGO	Residencia	5	CABARCOS	Milagrosa	1	HUGO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
YAGO	CD Lugo	1	GÓMEZ	Viveiro C.F	4	CRISTIAN	RC Villalbés	1	AMADO	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	CD Lugo	1	XAIRO	RC Villalbés	3	ÓSCAR	RC Villalbés	1	CARLOS	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	ANIDO	RC Villalbés	3	NOEL	RC Villalbés	1	SERGIO	Viveiro CF	3	-	-	-	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés	3	MENDAÑA	Viveiro CF	1	MANU F.	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	NICO	RC Villalbés	3	HUGO	Viveiro CF	1	MARCO	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	NOEL	RC Villalbés B	3	JAVI	Viveiro CF	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	PEDRO	RC Villalbés B	3	PABLO	Viveiro CF	1	MARTÍN	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	BUJÁN	RC Villalbés B	3	LUCAS	Viveiro CF	1	MARCOS	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	YOEL	Residencia	3	ANTÓN	CD Lugo B	1	MIGUEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés	1	DE LA IGLESIA	Residencia	3	-	-	-	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	ANXO	RC Villalbés	2	-	-	-	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
LÓPEZ	RC Villalbés B	1	ASIER	RC Villalbés	2	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
IAGO	RC Villalbés B	1	CONDE	Residencia	2	-	-	-	MARIO	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	LIS	Residencia	2	-	-	-	NOEL	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro C.F	1	BORJA	Viveiro C.F	2	-	-	-	CRISTIAN	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
BORJA	Viveiro C.F	1	NOEL	Viveiro C.F	2	-	-	-	MIGUEL	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro C.F	1	CANCIO	Residencia	2	-	-	-	LUCA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JUAN	Viveiro C.F	1	DENIS	RC Villalbés B	2	-	-	-	VEIGA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
NOEL	Viveiro C.F	1	MARTÍN	RC Villalbés	1	-	-	-	MARTÍN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
DANI	Residencia	1	CABADO	RC Villalbés B	1	-	-	-	JOSE	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
CANCIO	Residencia	1	IVÁN RAÚL	RC Villalbés B	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
ROI	Residencia	1	GABI	RC Villalbés B	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	DAVID	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	ADRI	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	ÁNGEL	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	JUAN	Viveiro C.F	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	IVÁN	Viveiro C.F	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-



O Lugo volveu á senda da vitoria da mellor forma posible

PARTIDO MOI COMPLETO DOS ALBIVERMELLOS en Aguiño, onde exhibiron un ritmo de xogo moi alto os oitenta minutos. Diego, con dous goles, Jose e Lucas asinaron o cero a catro



Árbitro: Sergio Miguens. Manuel Sánchez e Sergio Villanueva. Campo: Anexo Fieiteira

A mellor das reaccións tras dúas derrotas consecutivas é a que tivo o Lugo ante o Sálvora en Aguiño, onde os de Jony asinaron un partido moi completo no que monopolizaron a posesión do balón, pero con profundidade e non concederon ningunha ocasión de gol ao longo dos oitenta minutos de xogo.

“SE SOMOS CAPACES DE AGUANTAR O RITMO DE HOXE OS OITENTA MINUTOS TODOS OS PARTIDOS AXUDARANOS A MELLORAR A PASOS AXIGANTADOS”

JONY - Club Deportivo Lugo

No primeiro cuarto de hora o Lugo asentouse no partido co balón, sen



O albivermello Burno en labores defensivos nun partido xogado esta temporada

xerar pero coa posesión. A partir de aí empezaron a ser máis verticais e obrigaron ao Sálvora a realizar un sobreesforzo ao ter que correr seguido detrás do balón perse-

guindo sombras.

O cero a un fixose de rogar, pero ao fío da media hora de partido André roubou o balón e serviu para que Diego asinase o cero a un cun gol de nove

puro cun certo disparo coa zurda. Sen marxe para a reacción local, antes do descanso, Jose empuxou ao fondo das mallas no segundo pau unha xogada entre Diego,

O

TIROS A PORTA DO SÁLVORA

O conxunto local non disparou à portería defendida por Jorge ao longo dos oitenta minutos nos que o Lugo, ademais de ter o control do partido, estivo firme e seguro en defensa

Pepe e Bruno, con centro deste último.

O guiñon de xogo foi similar na segunda parte, na que Diego fixo o terceiro cun novo remate desde dentro da área e Lucas pechou o marcador tras un bo balón de Fio ás costas da defensa local.

Próxima xornada

Duelo de alturas nas Gándaras ao recibir o Lugo ao Xuventude Oroso, terceiro clasificado que tan só perdeu un encontro nas primeiras oito xornadas disputadas na Liga Galega infantil.

A contundencia en ambas áreas volveu pasar factura

PARTIDO DISPUTADO DE PODER A PODER EN LEYMA, pero desnivelado no marcador pola efectividade dun Montañeros máis físico que o Viveiro



O punta celeste, Xoel Ferro, nun partido no Marcos Gómez



Árbitro: Rubén Vázquez. Iannol Seijas e Alejandro Blanco. Campo: Leyma - A Coruña

O Viveiro volveu demostrar na Coruña que segue progresando polo bo camiño pese á derrota por dous a cero ante o Montañeros en Leyma.

Os de Fidi cada vez son máis competitivos e vanlle tomando o pulso á categoría. Con todo, na

contundencia aínda deben de dar un paso á fronte, sobre todo nas áreas, para poder puntuar en encontros igualados como o que se viviu o sábado na Coruña.

De inicio o partido estaba marcado pola superioridade física dos

“CON EL PASO DE LAS JORNADAS TODO SE VA IGUALANDO Y DEBEMOS CORREGIR ERRORES QUE ESTAMOS COMETIENDO PARTIDO TRAS PARTIDO”

FIDI - Viveiro CF

herculinos, plantados cunha defensa de cinco no mediocampo e intentando levar o encontro ao seu terreo.

Nos primeiros corenta minutos o Viveiro caeu por momentos na trampa local cun fútbol directo que non lle interesaba en absoluto. Pese a iso, os celestes tiveron dúas ocasións claras sen finalizar, mentres o que Montañeros inaugurou o marcador nunha acción illada tras centro

O

GOLES por primeira vez esta tempada o Viveiro deixou a cero o seu marcador, nos anteriores sete partidos os de Fidi sempre marcaran, pero tamén é certo que nas oito xornadas disputadas nunca conseguiron deixar a súa portería a cero

e remate desde dentro da área.

No descanso Fidi conseguiu que o seu equipo fose máis fiel ao seu estilo e con balón o Viveiro foi gañando metros e protagonismo en campo rival.

Sen ocasións claras a sensación era de que podía chegar o empate, pero a falta de cinco minutos o Montañeros sentenciou o encontro tras unha acción a balón parado coas que seguen castigando ao

Viveiro.

Próxima xornada

Complicado encontro para o Viveiro a próxima xornada na que reciben ao Conxo Santiago, cuarto clasificado.

OS MELLORES SD VIVEIRO

DAVID A.

JAVI

XOEL PIGUEIRAS

FÚTBOL FEMININO LIGAS GALEGAS

Histórica primeira vitoria da Milagrosa na Liga Galega Promesas alevín feminina

O CONXUNTO CAPITALINO, ÚNICO REPRESENTANTE LUCENSE NA COMPETICIÓN, debutou coma local no Luis López Gorgoso con vitoria tras impoñerse 9-1 ao Arzúa. O infantil caeu co Orzán



Nekane coa pelota por diante de Antia



Ainara Álvarez conducindo o esférico



Antia tras superar a dúas xogadoras rivais



A albivermella Uxia en labores defensivos

ALEVIN FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
X. Crendes - Orzán	1-7
Narón D - Calvo Sanz	3-2
Milagrosa - Arzúa	9-1
Silva - Victoria FC	0-8
Obradoiro - Victoria CF	0-9

CLASIFICACIÓN					
Equipo	Pts	X	G	E	P
VICTORIA CF "E"	3	1	1	0	0
S.C.D. MILAGROSA	3	1	1	0	0
VICTORIA FC	3	1	1	0	0
ORZÁN S.D.	3	1	1	0	0
S.D.C.Y.R. NARÓN	3	1	1	0	0
ESCUELA CALVO SANZ	0	1	0	0	1
XUVENTUDE CRENDES	0	1	0	0	1
ARZÚA FUTBOL CLUB	0	1	0	0	1
SILVA S.D.	0	1	0	0	1
A.D.C. OBRADOIRO	0	1	0	0	1

PRÓXIMA XORNADA	
Orzán - Obradoiro	Victoria FC - Milagrosa
Calvo Sanz - X. Crendes	Victoria CF - Silva
Arzúa - Narón	

INFANTIL FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
EF Rosalia - Valladares	9-0
Victoria Cf - Mos	7-0
Umia - San Mateo	1-1
Milagrosa - Orzán	1-6
Interrrias - Victoria Stg.	0-5

CLASIFICACIÓN					
Equipo	Pts	X	G	E	P
ORZÁN S.D.	6	2	2	0	0
VICTORIA CF "D"	6	2	2	0	0
VICTORIA FC	6	2	2	0	0
ROSALIA	6	2	2	0	0
INTERRRIAS	1	2	0	1	1
SPORTING SAN MATEO	1	2	0	1	1
C.D. VALLADARES	1	2	0	1	1
UMIA C.F.	1	2	0	1	1
U.D. MOS	0	2	0	0	2
S.C.D. MILAGROSA	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA	
Rosalía - Victoria FC	Mos - Umia
San Mateo - Milagrosa	Orzán - Interrrias
Valladares - Victoria FC	

A Liga Promesas alevín feminina botou a andar e fixoo como na categoría infantil, coa Milagrosa representando ao fútbol feminino lucense. A ansiada posta en escena saíu a pedir de boca xa que a primeira vitoria non se demorou. As lucenses impuxéronse ao Arzúa por

nove goles a un e enchen o depósito da confianza ao máximo. Na próxima xornada visitan ao Victoria en Santiago. Menos fortuna tiveron as infantís tras caer ante unha potencia do fútbol feminino como é o Orzán, na terceira xornada midense con San Mateo.

CRÓNICA PREBENXAMÍN

Unha goleada volve poñer en entredito a categoría prebenxamín

0-17 EN CERDEIRIÑOS entre o Monterroso e o CD Lugo A

A posta en marcha das categorías de fútbol 8 e os seus diferentes formatos de competición xeran dúbidas tempada tras tempada, e esta non é unha excepción.

É demasiado pronto para empezar a competir, máximo cando son competicións ao aire libre. A resposta caería de caixón se non estivésemos falando de fútbol, este maravilloso deporte que transforma a familiares e protagonistas.

Nunca antes se empezara a xogar tan axiña, agora é habitual ver a nenos de cinco anos competindo en cam-

pos de fútbol pola Provincia, e por iso non nos podemos asustar dos resultados, ou mellor dito, das humillacións que se producen.

Todo isto sen que entre en escena o inverno, que aínda que nos deu unha treuga esta fin de semana, chegará e será duro coma sempre. Para recibilo, estarán os pequenos astros do fútbol esperándolle nos campos de fútbol galegos, pero non así nos da maioría das comunidades autónomas onde non se contempla a competición prebenxamín nin benxamín ao aire libre.

CRÓNICA BENXAMÍN

CD Lugo e CP Lucense lideran a clasificación de Primeira División

AMBOS EQUIPOS mantéñense invictos no máis alto da táboa

Os albivermellos gañaron ao Viveiro A por 1-3 no Marcos Gómez, como tamén o fixeron Ribadeo e Villalbés A no grupo Norte.

Tras empatar na xornada inaugural, o CP Lucense acumula dous triunfos consecutivos, o último fronte a Milagrosa A, por 1-4. Neste Grupo Sur triunfo tamén esta xornada para o Polvorín A, o primeiro na competición tras gañar a Residencia por 2-4. No encontro máis igualado da Primeira División, Lugo B e Piringalla A repartiron puntos tralo 2-2 final.

1
ENCANTO APRAZADO
No grupo Sur B da Segunda División o encontro entre Sagrado e Ribeira xogárase o vindeiro mércores a partir das 18:15h

19
PARTIDOS XOGADOS
A competición que máis partidos aglutinou do fútbol 8 lucense foi a benxamín esta fin de semana

CRÓNICA ALEVÍN

Sagrado e Milagrosa empatan no encontro máis igualado da xornada

NO GRUPO SUR, que lidera a Residencia con dúas vitorias

Para ambos equipos é o primeiro punto na competición. Por outro lado, os da Cheda comparten liderado co CD Lugo B, que tamén conta por vitorias os seus dous encontros disputados. Os branquiazuis gañaron a CP Lucense, mentres que os albivermellos fixeron os 3 puntos contra o Polvorín. Casás sumou o primeiro triunfo ante a Sarrriana.

No Grupo Norte, triunfos para Porto Burela, CD Lugo, RC Villalbés e o líder, Xove Lago.

1
LÍDER EN SOLITARIO
O Xove Lago é o único equipo que lidera en solitario unha clasificación de Primeira. Os mariñaos suman pleno de puntos nas xornadas disputadas

132
GOLES A categoría Alevín foi a máis goleadora da xornada no fútbol 8 lucense, superándose con claridade os triples díxitos

CLASIFICACIÓNS PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

13

PARTIDOS DISPUTADOS
dos 14 previstos nos catro grupos de Prebenxamín para esta fin de semana. O encontro entre o Lucense e o Sagrado Corazón disputarase o próximo 7 de novembro a partir das 18:30 no campo do Polvorín

PREBENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS

Ribadeo A – Stgo de Foz	2-2
Burela A – Burela B	9-2
Villalbés A – Villalbés B	3-3

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
SD PORTO BURELA "A"	9	3	3	0	0
RACING C. VILLALBES "A"	7	3	2	1	0
SD PORTO BURELA "B"	3	3	1	0	2
AD SANTIAGO DE FOZ	1	2	0	1	1
S.D. RIBADEO "A"	1	3	0	1	2
RACING C. VILLALBES "B"	1	2	0	1	1

PRÓXIMA XORNADA

Villabés A – Stgo de Foz Villabés B – Burela A
Burela B – Ribadeo A

PREBENXAMÍN 1º SUR A

RESULTADOS

CD Corgo – Casás	6-3
Piringalla C – Abuí	2-0
CP Lucense – Sagrado	Apr.

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
C.D. CORGO	6	2	2	0	0
AD FERROVIARIA "A"	3	1	1	0	0
ADC SAGRADO	3	1	1	0	0
PIRINGALLA/M AUX C	3	2	1	0	1
CPOL LUCENSE	0	0	0	0	0
C.P. CASÁS	0	2	0	0	2
ATLETICO ABUI	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviana A – CD Corgo Abuí – CP Lucense
Casás – Piringalla C

PREBENXAMÍN 1º SUR B

RESULTADOS

Ferroviana B – Piringalla A	0-6
Monterroso – CD Lugo A	0-17
Polvorín A – Milagrosa B	4-5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	9	3	3	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	6	3	2	0	1
S.C.D. MILAGROSA "B"	6	3	2	0	1
A.D. FERROVIARIA "B"	3	3	1	0	2
EF POLVORIN "A"	0	2	0	0	2
MONTERROSO S.D.	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Polvorín A – Piringalla A Milagrosa B – CD Lugo A
Monterroso – Ferro B

PREBENXAMÍN 1º SUR C

RESULTADOS

Sarriana – Residencia	2-8
Milagrosa A – CD Lugo B	3-9

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
SD RESIDENCIA	6	2	2	0	0
C.D. LUGO S.A.D. "B"	3	1	1	0	0
S.D. SARRIANA	3	2	1	0	1
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	0	1	0	0	1
S.C.D. MILAGROSA "A"	0	1	0	0	1
EF POLVORIN "B"	0	1	0	0	1

PRÓXIMA XORNADA

Polvorín B – Sarriana Piringalla B – Milagrosa A

17

GOLES DO LUGO A unha goleada que non favorece nin aos gañadores nin por suposto aos que os encaixaron. A categoría prebenxamín volve a debate polo temperán inicio das competicións e aínda falta por entrar o inverno en escea



Xogadores de Lugo B e Mila A antes do saque inicial



Alex Muñoz, do Lugo B e Uriel pelexando polo esférico




Iago a piques de disparar ante a chegada de Iago



Mateo leva o balón con Alejandro seguido de Guille

ATLETICO ABUI
PREBENXAMÍN PROVINCIAL GRUPO A

14 xogadores en total 1º equipación



Guido, Maria Auxiliadora, trata de frear a Andrés



Leo pisa o coiro ante a chegada de Xoel López



Diego vaise por velocidade de Manuel e Juan



Suhay, Piringalla, presionado polo albivermello Andrés

CLASIFICACIÓNS BENXAMÍN PRIMEIRA E SEGUNDA PROVINCIAL

BENXAMÍN 1º NORTE	
RESULTADOS	
Viveiro A – CD Lugo A	1-3
SD Ribadeo A – Xove Lago	2-1
Villalbés A – Stgo. de Foz	7-0
CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
CD LUGO A	6 2 2 0 0
RC VILLALBES A	3 1 1 0 0
XOVE LAGO	3 2 1 0 1
STGO DE FOZ	3 2 1 0 1
SD RIBADEO A	3 2 1 0 1
